



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O **CONCELLO DE RIOTORTO**, DE CARA A INSTRUMENTAR A COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, DE PREVENCIÓN DA SITUACIÓN DA DEPENDENCIA E DO AGRAVAMENTO DESTA, ASÍ COMO DA PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL PARA O EXERCICIO 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Política Social ten previsto formalizar co **Concello de Riotorto** o instrumento convencional arriba referido. O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio dende o 1 de xaneiro de 2020 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento na realización de programas e actividades dirixidos á atención de persoas en situación de dependencia, de prevención da situación de dependencia e do agravamento desta, así como de promoción da autonomía persoal das persoas maiores residentes nese concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Segundo o Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, esta é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía de Galicia e coa Constitución Española, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar, que engloban, entre outras as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Con carácter específico corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade a elaboración das propostas para a formulación das políticas dirixidas ás persoas maiores e persoas con discapacidade da Consellería de Política Social en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores e persoas con discapacidade na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeneral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, punto i, da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c. A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións





realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.

d. A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.

e. A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.

f. A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade coo previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.

g. A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.

h. O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.

i. A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.

j. A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.

k. Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poden crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración de cara á elaboración de accións ou programas conxuntos no eido da atención ás persoas maiores, especialmente na atención á dependencia, no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Así mesmo estase o cumprir as condicións establecidas no artigo 6.1. da Lei 9/2017, do 13 de xuño.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela

